

NOTIFICACIÓNS DE ACTUACIÓNS

Cryphonectria parasitica

(CANCRO DO CASTIÑEIRO)

A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasitica*.

As cepas hipovirulenta inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizaranse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

Durante a primavera e o outono realízanse Inoculacións de cepas hipovirulentas (hv) de maneira gratuita. Para participar no programa de distribución de cepas hipovirulentas durante o ano 2.022 deberá cubrir a solicitude que se atopa na páxina web da Consellería do Medio Rural:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal> , que se pode presentar:

Xefaturas territoriais. Servizos Provincias de Montes.

Oficinas dos Distritos Forestais. Oficinas Agrarias Comarcais.

Ou no correo electrónico: sanidadeforestal.cmmr@xunta.gal

PROVINCIA	CONCELLO	OBSERVACIÓNS
OURENSE	A Gudiña	Asociación A Castaña. Parroquias de San Lorenzo
	Vilariño de Conso	Asociación de propietarios de soutos de Vilariño de Conso. Parroquias de Castiñeira e Sabuguido.
	Manzaneda	Placín e Cernado
	Xunqueira de Ambía	
	Baños de Molgas	